

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. De conformidade co artigo 32 da Lei de Saúde Pública de Galicia, constitúe un principio reitor do funcionamento do Sistema Público de Saúde de Galicia:**

- A) A cooperación internacional como elemento de cohesión das políticas de todos os sectores económicos con responsabilidade sobre a saúde, así como a centralización, concentración e autonomía funcional na xestión dos servizos sanitarios.
- B) A concepción integral da saúde, que inclúe a promoción da saúde, a protección fronte a situacións e circunstancias que supoñen un risco para a saúde, en particular a protección fronte aos riscos ambientais, a prevención da enfermidade e a asistencia sanitaria, así como a rehabilitación e integración social, desde a perspectiva da asistencia sanitaria.
- C) A irretroactividade das disposicións sancionadoras en materia de saúde pública, cando non sexan favorables ou restritivas de dereitos individuais.
- D) O establecemento de estándares de produción e medidas de protección da saúde fronte a riscos ambientais, como os derivados de produtos alimenticios, do uso de produtos químicos, e a xestión e tratamento de augas residuais e augas de consumo.

**2. De conformidade co artigo 10 da Lei Xeral de Sanidade, as persoas usuarias do Sistema Sanitario Público teñen dereito respecto das distintas administracións públicas sanitarias a:**

- A) A confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estancia en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.
- B) Participar na planificación e control dos estudos de vixilancia e control epidemiolóxico da saúde pública.
- C) Coidar das instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias.
- D) Obter libremente os medicamentos e produtos sanitarios necesarios para promover, conservar ou restablecer a saúde.

**3. De acordo co artigo 7 da Lei Xeral de Sanidade, os servizos sanitarios, así como os administrativos, económicos e calquera outros que sexan precisos para o funcionamento do Sistema de Saúde, adecuarán a súa organización e funcionamento aos seguintes principios:**

- A) Participación, eficacia e visión integradora da sanidade.
- B) Xerarquía normativa, legalidade e control financeiro.
- C) Eficacia, celeridade, economía e flexibilidade.
- D) Participación, eficacia e economía.

**4. Conforme ao artigo 19 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, indique cal dos seguintes NON é un deber do persoal estatutario:**

- A) Informar debidamente, de acordo coas normas e procedementos aplicables en cada caso e dentro do ámbito das súas competencias, aos usuarios e pacientes sobre o seu proceso asistencial e sobre os servizos dispoñibles.
- B) Manter a debida reserva e confidencialidade da información e documentación relativa aos centros sanitarios e ás persoas usuarias obtida, ou á que se teña acceso, no exercicio das súas funcións.
- C) Cumprimentar os rexistros, informes e demais documentación clínica ou administrativa establecidos na correspondente institución, centro ou servizo de saúde.
- D) Informar aos pacientes sobre as funcións, tarefas, labores, programación funcional e obxectivos asignados á súa unidade, centro ou institución, e dos sistemas establecidos para a avaliación do cumprimento dos mesmos.

5. O Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 204, do 25 de outubro) regula a seguinte materia:

- A) A organización das urxencias extrahospitalarias do Servizo Galego de Saúde.
- B) A estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.
- C) A estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.
- D) As áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia.

6. Nas convocatorias para o acceso á condición de persoal estatutario fixo no Servizo Galego de Saúde, a superación dun período formativo ou en prácticas como requisito previo á obtención do correspondente nomeamento:

- A) Non está previsto ese suposto na normativa vixente.
- B) Está previsto para os supostos nos que non se esixa título académico ou profesional específico para o acceso.
- C) Está previsto para o acceso a categorías de persoal estatutario de xestión e servizos.
- D) O período formativo ou de prácticas é de carácter voluntario para os aspirantes que superen o proceso selectivo.

7. De acordo coa Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, sinale cal é a resposta correcta en relación coa conservación da historia clínica:

- A) Toda a información conservarase indefinidamente.
- B) Toda a información conservarase durante cinco anos desde a última asistencia ou falecemento do paciente.
- C) Conservaranse indefinidamente os informes da alta, as follas de consentimento informado, as follas da alta voluntaria, os informes cirúrxicos e/ou rexistro do parto, os informes de anestesia, os informes de exploracións complementarias, os informes de necropsia, a folla de evolución e de planificación de cuidados de enfermería, outros informes médicos, calquera outra información que se considere relevante a efectos asistenciais, preventivos, epidemiolóxicos ou de investigación, así como a información daquelas historias clínicas cuxa conservación sexa procedente por razóns xudiciais.
- D) Conservaranse durante 10 anos os informes da alta, as follas de consentimento informado, as follas da alta voluntaria, os informes cirúrxicos e/ou rexistro do parto, os informes de anestesia, os informes de exploracións complementarias, os informes de necropsia, a folla de evolución e de planificación de cuidados de enfermería, outros informes médicos, calquera outra información que se considere relevante a efectos asistenciais, preventivos, epidemiolóxicos ou de investigación, así como a información daquelas historias clínicas cuxa conservación sexa procedente por razóns xudiciais.

8. Indique cal das seguintes normas regula na Comunidade Autónoma de Galicia a provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- A) Decreto 206/2005, do 22 de xullo.
- B) Decreto 200/1993, do 29 de xullo.
- C) Decreto lei 1/1999, do 2 de xaneiro.
- D) Orde da Consellería de Sanidade do 22 de agosto de 1999.

9. De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, a Xunta de Galicia:

- A) Pode interpoñer recursos de inconstitucionalidade e presentarse perante o Tribunal Constitucional.
- B) Designar para cada lexislatura das Cortes Xerais aos senadores representantes da Comunidade Autónoma galega.
- C) Resolver as cuestións de competencia entre órganos xudiciais en Galicia.
- D) Exercer a presidencia do Servizo Galego de Saúde e das súas entidades instrumentais.

10. O Estatuto de Autonomía de Galicia determina que as leis de Galicia:

- A) Son sancionadas polo Rei en nome do Presidente do Goberno estatal.
- B) Para a súa publicación requiren de informe previo do Consello de Contas de Galicia.
- C) Teñen o carácter de leis orgánicas.
- D) Deben ser publicadas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

Preguntas de reserva

1. Segundo a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, sinala a resposta correcta en relación co consentimento informado:

- A) Enténdese por consentimento informado o prestado libre e voluntariamente polo afectado para toda actuación no ámbito da súa saúde e unha vez que, recibida a información axeitada, valorase as opcións propias de cada caso.
- B) O consentimento será verbal nos casos de intervención cirúrxica, procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores.
- C) A prestación do consentimento informado é un dereito e un deber do paciente.
- D) A prestación do consentimento informado é un dereito e un deber do profesional médico.

2. Conforme ao Estatuto de Autonomía de Galicia, é función do Parlamento de Galicia:

- A) Ditar reais decretos leis.
- B) Exercer a potestade legislativa da Comunidade Autónoma de Galicia.
- C) Resolver recursos de amparo en materias de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.
- D) Resolver recursos de inconstitucionalidade en materias reservadas a lei orgánica.